

Queixa polo bloqueo nas RRSS do alcalde e dun partido político

Expediente: : R.7.Q/575/22

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2022.

Sr. Alcalde,

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. referente ao seu bloqueo nas RRSS por parte do alcalde de e dun partido político

ANTECEDENTES

Primeiro: O escrito inicial indicaba: *“A presente queixa garda relación cunha anterior Q/2065/20. Os feitos que dirimín en dita queixa, agora teño que engadir que tras solicitar o concello de saber os motivos do meu bloqueo en redes sociais no perfil de @..... - alcalde de, agora tamén fun bloqueado nas redes sociais do partido político tanto na rede de facebook @..... como na rede de twitter @..... Perfís nos que difunden actuacións que realizan na cidade, propostas para a cidade.*

Non so non se me permite participar coma o resto da veciñanza, senón que co bloqueo feito nas últimas datas nin tan sequera podo ver as súas publicacións. Ata o de agora o bloqueo non me permitía comentar, pero agora directamente impiden que me manteña informado.

Entendo que o partido político non é un ámbito de administración local, pero a comunicación institucional tamén a están a realizar dende dita rede, na que publican notas de prensa da alcaldía. Por outra banda, non concibo que a valedora do pobo non entre a valorar si o uso da rede de @..... tanto en twitter como en facebook non pode ser considerada o perfil do alcalde de Non é baixo ningún concepto un perfil "persoal", coido que é alcalde da cidade e que están a impedirme participar politicamente e informarme.

Ademáis, solicitei coñecer ou saber os motivos polo que fun bloqueado por dito perfil da alcaldía e no concello resolveron que o trasladarían a alcaldía, pero esa foi toda resposta que obtiven”.

Segundo: Ante iso requirimos informe a ese concello, que indica que *“Ao respecto deste problema, infórmolle que as contas de redes sociais ás que se refire a queixa non son contas oficiais de titularidade do Concello, senón contas privadas do partido político e da persoa física, polo que entendemos que procedería o arquivo do expediente, ao referirse a actuacións de particulares non imputables ao Concello de ”.*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA: As contas que revelan de maneira manifesta o seu carácter Institucional, como son a pertencentes ás Administracións Públicas en sentido estrito, están sometidas á Lei 39/2015.

Por tanto, como canle de emisión de información institucional, nesas contas a decisión de limitar os dereitos dos cidadáns é moi cuestionada. Atopámonos cunha conta institucional sometida a maiores obrigacións que unha conta dun usuario normal. O art. 12.1 da Lei 39/2015 contempla, referido ás diversas canles coas que pode contar unha Administración Pública:

“As Administracións Públicas deberán garantir que os interesados poden relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos, para os que poñerán á súa disposición as canles de acceso que sexan necesarias así como os sistemas e aplicacións que en cada caso se determinen”.

Así, as Administracións públicas non só non quedan exentas das súas obrigacións á hora de utilizar un perfil nunha rede social, senón que contan con outras adicionais e garantías a considerar nas súas decisións. Así, pódense detectar os seguintes problemas:

- 1.- Se quen realiza o bloqueo é unha persoa que xestiona a conta na rede social de que se trata, podería entenderse producido un abuso de dereito e extralimitación nas súas funcións.
- 2.- Se se produce un prexuízo ao cidadán ao impedir o acceso.
- 3.- A decisión de se se produciu unha infracción, corresponde aos órganos competentes.
- 4.- O bloqueo que teña vocación de permanencia, impide ao cidadán escoller libremente a forma de comunicarse coa Administración, por iso vulnera os dereitos das persoas previstos na Lei 39/2015.

SEGUNDA: Agora ben, no caso que se está a investigar, ao denunciar contas de e a conta da persoa física, estamos a falar de contas privadas, non institucionais da Administración e por tanto en principio non é de aplicación o contido da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRA: Pero é preciso facer constar que na actualidade a actividade dos políticos en redes é noticia de alcance, e polo tanto é preciso definir a súa utilización neste ámbito. Non poden existir espazos privados de impunidade na rede, ademais de que as mesmas non son medios de publicidade electoral, **senón medios de comunicación de dobre dirección**. Deixando ao lado o uso do insulto, a ameaza ou a inxuria, que son delitos, e que como tales deben ser denunciados, a **liberdade de expresión** está presente nestes foros, e existen no ámbito internacional sentenzas nas que o feito de que un político bloquee a un cidadán nunha rede social constitúe unha violación do dereito á liberdade de expresión. Unha das Cortes de Apelacións en Estados Unidos ditou unha sentenza no verán de 2019 na que rexeitaba o argumento da lexitimidade do bloqueo cando se trataba dunha conta privada, indicando que para que unha conta sexa cualificada de foro público non só ten que ser usada por alguén que desempeña un cargo público senón que ten que publicar información relacionada con ese cargo.

No ámbito europeo, o artigo 10 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos sinala que toda persoa ten dereito á liberdade de expresión. E tamén que este dereito comprende a liberdade de opinión e a liberdade de recibir ou comunicar informacións ou ideas sen que poida haber inxerencia de autoridades públicas e sen consideración de fronteiras. E incluso o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considera internet o principal medio para exercer a liberdade de expresión. Por tanto poderíase inserir que os políticos que bloquean aos cidadáns en redes sociais debido ás súas críticas estarían conculcando un dos seus dereitos fundamentais. Ten que protexerse ao cidadán en aras dunha maior transparencia.

No ámbito estatal, coma no resto do mundo, tamén encontramos situacións similares, non obstante os afectados non interpuxeron demandas e non existen pronunciamentos sobre o asunto.

CUARTA: Por outra banda, e en relación ao principio de neutralidade institucional, aínda que, se reitera, non estamos a falar neste caso de institucións públicas *strictu sensu* senón dunha conta privada na que se publica información institucional, o *Defensor del Pueblo* sinalou (Informe ás Cortes Xerais de 2018) que a liberdade de expresión en institucións públicas ten un límite no principio de neutralidade ideolóxica dos poderes públicos. Os cidadáns teñen unha pluralidade de posicións que deben ser respectadas para que ninguén se sinta molesto ou alleo á institución pública.

A modo de resumo, debemos recoñecer que na sociedade das novas tecnoloxías, as redes sociais teñen, no ámbito da administración pública un amplo percorrido e poden e deben converterse nunha ferramenta de comunicación e participación, e incluíndo nestes termos as contas que sen pertencer a unha Administración Pública, conteñan información de carácter institucional relacionada con esa Administración.

O feito de que na conta persoal do alcalde de se publique información institucional relacionada coa súa actividade como alcalde está vinculada á actividade da institución.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de a seguinte **suxestión**:

“En relación coas contas que teñan que ver coa actividade institucional da corporación, cando nesas contas exista información de interese público, xa sexan públicas ou de carácter privado, se permita a liberdade de expresión sempre con pleno respecto ao funcionamento das institucións e en aras da libre participación dos cidadáns nos asuntos públicos”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo